



EXPEDIENTE 2022/A006/000008. Convenio de colaboración entre o concello de Boqueixón e a asociación Comisión de festexos Camporrapado (CIF G70438304) polo que se instrumentaliza unha subvención nominativa para o cofinanciamento da celebración do desfile de carrozas de San Cidre.

Documento administrativo de formalización do convenio de colaboración

Boqueixón, na data da sinatura dixital.

REUNIDOS

Dunha parte don MANUEL FERNÁNDEZ MUNÍN, con DNI 33273242Q, en calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Boqueixón, con CIF P1501200H e domicilio a efectos de notificación en Forte s/n, 15881 Boqueixón.

Doutra parte don JUAN NEIRA MOURE, con DNI 33256125B, en calidade de presidente da asociación Comisión de Festexos Camporrapado, con CIF G70438304 e domicilio a efectos de notificación en Camporrapado, 40- 15882 Boqueixón.

MANIFESTAN

PRIMEIRO. Que o concello de Boqueixón, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases do réxime local e exercerá, en todo caso, as competencias en materia de promoción da cultura mediante o desenvolvemento de actividades e xestión de instalacións culturais e deportivas, ocupación do tempo libre e turismo.

SEGUNDO. Que a Asociación Comisión de festexos Camporrapado con CIF G70438304, inscrita no Rexistro municipal de asociacións co núm. 063, organiza a tradicional Festa do San Cidre co singular desfile de carrozas, que neste ano cumpre a súa XLVII edición. A asociación creouse no ano 2015 e ten como fins estatutarios a promoción cultural e de festexos de Camporrapado. Entre as actividades que desenvolve destaca a organización das Festas de San Cidre co tradicional e singular desfile de Carrozas, que ten lugar nesta parroquia dende aproximadamente o ano 1975.

A orixe deste evento parte da tradición de ofrecerlle os primeiros froitos das colleitas ao santo e así se mantén hoxe en día. A veciñanza dos distintos lugares da parroquia de Oural constrúen a súa carroza para sentirse representados na festa o Día do San Cidre, patrón dos agricultores, onde se escenifican

oficios e labores agrícolas con degustación de produtos.

TERCEIRO. Que o Concello de Boqueixón entende que esta iniciativa da Asociación é de interese xeral para o conxunto da comunidade e, en consecuencia, no orzamento municipal vixente recolle unha subvención de carácter nominativa en favor desta entidade por un importe de 1.000,00 €, coa finalidade de contribuír ao mantemento desta arraigada tradición.

Neste senso, o 1 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno Local adoptou este acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o convenio de colaboración entre o concello de Boqueixón e a asociación Comisión de festexos Camporrapado (CIF G70438304) polo que se instrumentaliza unha subvención nominativa para o cofinanciamento da celebración do desfile de carrozas de San Cidre.

SEGUNDO. Aprobar o gasto por importe de 1.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria do vixente orzamento municipal.

TERCEIRO. Publicar este convenio, unha vez asinado, no Portal de Transparencia do concello de Boqueixón e na Base Nacional de Subvencións.

CUARTO. Dar traslado deste acordo á Secretaría-Intervención e ao Departamento de Contabilidade.

QUINTO. Facultar ao alcalde do concello de Boqueixón para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

CUARTO. Que o concello de Boqueixón e a Asociación Comisión de festexos Camporrapado teñen interese coincidente na colaboración para o desenvolvemento de festexos mantendo as tradicións populares e ampliación da oferta cultural.

ACORDAN

Formalizar un convenio de colaboración conforme ás seguinte cláusulas:

PRIMEIRA. Obxecto do convenio

O obxecto do convenio é establecer as bases de outorgamento dunha subvención nominativa polo concello de Boqueixón a favor da Asociación Comisión de Festexos Camporrapado con CIF G70438304, fixando as condicións que se impoñen polo concello e os compromisos que asume a entidade beneficiaria para a financiación parcial do desfile de carrozas polo San Cidre.

As actividades a realizar pola asociación son:

- Festa do San Cidre en Camporrapado
- Desfile de carrozas polo San Cidre
- Espectáculos musicais para a animación do evento.

SEGUNDA. Orzamento de gastos da actividade que vai a realizar a entidade beneficiaria



exp. 2022/G007/000015

O orzamento total de gastos previstos é por un importe de 12.000 euros aproximadamente que corresponden aos seguintes conceptos:

- Contratación de espectáculos de música en directo e fogos de artificio.
- Aluguer de equipamentos (carpa, son, iluminación...).
- -Instalación de alumeado para o evento.
- -Materiais para a realización das carrozas.
- Publicidade.
- Contratación de póliza de seguros.
- Taxas Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE)

TERCEIRA. Financiación municipal e outros ingresos que obteñan para a mesma finalidade

1 O concello contribuirá á financiación da actividade tal e como se define na cláusula primeira, cunha aportación máxima de 1.000,00 €.

2 A aportación municipal é un importe certo sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total.

3 A cantidade restante, ata conseguir o importe total do orzamento da actividade, financiarase con cargo a recursos, propios ou alleos, da asociación beneficiaria.

4 No caso de que o gasto xustificado non supere o importe da achega municipal, esta reducirase ata a cantidade efectivamente xustificada.

4 Se a cantidade xustificada resulta inferior ao 80 % do importe da subvención outorgada, entenderase que non se cumpriu a finalidade básica da subvención e perderase o dereito ao cobro.

5 O importe da financiación municipal farase efectivo con cargo a aplicación orzamentaria 432.480.02, na que a Secretaría-Intervención ten certificado de que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

6 A subvención do concello é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Comisión de festexos Camporrapado obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención municipal, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

7 No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, aminorarase a achega municipal no importe necesario para darlle estrito

cumprimento ao apartado anterior.

CUARTA. Publicidade da financiación municipal

1 Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexan por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, terá que facerse constar sempre a financiación do concello de Boqueixón.

2 Coa memoria e a conta xustificativa presentaranse os documentos que acrediten a obriga do apartado anterior.

3 De conformidade co establecido no artigo 31.3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións, cando se trate de actividades xa finalizadas, o concello poderá establecer medidas alternativas, sempre que estas permitan dar a difusión da financiación pública co mesmo alcance das inicialmente acordadas.

QUINTA. Xustificación necesaria para recibir a aportación municipal

1 A aportación municipal abonarase á Asociación Comisión de festexos Camporrapado, unha vez que se presente telematicamente a través da Sede Electrónica do concello a seguinte documentación:

- 1º) Memoria das actuacións, asinada polo representante legal da Asociación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2º) Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores, con seu NIF, os documentos xustificativos, os importe e, no seu caso, data de pago.

Os gastos referiranse exclusivamente as actividades realizadas durante o ano 2022.
- 3º) Coa relación aportaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se acheguen copias compulsadas, con carácter previo á compulsada terá que estenderse sobre o orixinal unha dilixencia na que se deixe constancia de que presentouse como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada polo concello de Boqueixón.
- 4º) Acreditación, no seu caso, do cumprimento dos deberes tributarios e coa Seguridade Social.
- 5º) Declaración responsable doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 6º) Declaración de se a asociación está exenta ou non de IVE
- 7º) Certificado IBAN da conta bancaria



exp. 2022/G007/000015

- 8º) Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas en materia de publicidade mediante a presentación de documentos nos que conste que publicitouse a financiación municipal

SEXTA. Prazo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1 As actividades que son obxecto de financiación municipal, tal e como están descritas na cláusula primeira teñen que estar finalizadas o **31 de decembro de 2022**.

2 Unha vez finalizada a actividade, a asociación terá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2023**.

3 De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións, transcorrido este último prazo sen que se reciba xustificación ningunha, remitiráselle un requirimento á asociación para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

4 A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

5 A presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a asociación da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza municipal de aplicación, poda corresponder.

6 O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola asociación na documentación presentada; se transcorren máis de catro meses dende a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrara o importe que lle corresponda, a asociación terá dereito ao abono dos intereses de demora, ao tipo do interese legal, que se perciban dende a finalización de catro meses ata o momento en que se faga efectivo o pago.

SÉTIMA. Acreditación do cumprimento dos deberes tributarios e coa Seguridade Social

1 A Asociación Comisión de festexos Camporrapado terá que acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento dos deberes tributarios coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; para tal fin, poderá autorizar ao concello de Boqueixón a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2 A acreditación do cumprimento dos deberes tributarios co concello de Boqueixón determinaranse de oficio por este.

OITAVA. Destino e manexo dos fondos recibidos

1 A Asociación Comisión de festexos Camporrapado destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2 Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de crédito ou débito, chegue nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderán realizar pagos en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización de algún dos medios anteriormente indicados.

3 Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais podan impoñer, a asociación terá que contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

NOVENA. Control financeiro do concello e dos órganos de control externo.

1 Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a asociación poderá ser escollida pola Secretaría-Intervención para realizarlle un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron outorgados, a correcta financiación da actividade e o cumprimento de todos os demais deberes formais e materiais que lle impón este convenio de colaboración.

2 Igualmente, conforme ao disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a asociación queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas, aos procedementos de axuizamento contable que poda incoar o Tribunal de Contas e calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

DÉCIMA. Reintegro, infraccións e sancións

1 O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar o deber de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos intereses de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a orixe do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2 Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.



exp. 2022/G007/000015

3 Para os supostos do atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza que resulte aplicable.

DÉCIMO PRIMEIRA. Incorporación ao Rexistro Público de Subvencións e publicación da subvención outorgada.

1 No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeneral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación de Asociación Comisión de festexos Camporrapado serán remitidos á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto e co debido respecto á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e ás normas relativas á libre circulación de tales datos, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2 Igualmente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3 Conforme ao disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, a concesión da subvención a Asociación Comisión de festexos Camporrapado será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Portal de Transparencia do concello de Boqueixón.

4 Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado á rendición de contas do concello de Boqueixón.

DÉCIMO SEGUNDA. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1 O prazo de vixencia do convenio finalizará o 31 de maio de 2023 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel realizaranse desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2022. Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que, para o exercicio 2023, autorice o correspondente orzamento

2 Por acordo expreso de ambas as partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da unidade xestora e a Secretaría-Intervención o convenio poderá ser obxecto de modificación.

3 Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula sexta, deberá solicitar antes do 15 de marzo de 2023 a PRÓRROGA do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo (cronograma) co fin de que o concello poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do proxecto. Acreditada esta circunstancia, o concello poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2023. Esta prórroga será aprobada mediante decreto da Alcaldía, despois do informe da unidade xestora e da Secretaría-Intervención. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de maneira que a entidade beneficiaria perderá o dereito á cobranza do importe correspondente á contía non xustificada na data citada.

Todo isto, igualmente condicionado á existencia de crédito idóneo e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

DÉCIMO TERCEIRA. Natureza, interpretación e xurisdición competente

1 O convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeneral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2 A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao alcalde-presidente do concello de Boqueixón, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora e da Secretaría-Intervención.

3 Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia deste convenio.

Manuel Fernández Munín, alcalde-presidente do concello de Boqueixón

Juan Neira Moure, presidente da asociación Comisión de Festexos Camporrapado,